



## Avisos

\* A asemblea de Cruz Vermella informa que o sábado 17 de xuño vaise a realizar un curso de **MANIPULADOR DE ALIMENTOS**, cunha duración de tres horas lectivas. Esta formación pretende dotar aos asistentes dos coñecementos e normas básicas necesarias para a manipulación de alimentos, e o seu prezo é de 20 €uros, con descontos para estudantes, voluntarios e xente que se atope en situación de desemprego.

Matricula e información: Cruz Vermella Arzúa 981 500 589 ou [arzua@cruzroja.es](mailto:arzua@cruzroja.es) antes do xoves 15 de xuño.

\* A piscina municipal de Boimorto abrirá as súas portas a partires do día 23 de xuño en horario de 12:00 a 20:00 horas de luns a domingo. A partires de xullo teremos máis actividades e comezaran os cursos, daremos mais información no próximo boletín.

## Servizos Sociais

\* **Festa dos maiores 2017.** O sábado 17 de xuño de 2017 celebrarase no Pavillón Municipal de Boimorto a Festa dos Maiores. O acto terá lugar ás 14:00 horas e **están convidados/as as persoas maiores empadroadas no Concello de Boimorto que teñan 60 ou máis anos.** Para poder asistir deberán recoller a entrada no Concello dende o 15 de maio ata o 9 de xuño ambos incluídos.

## Centro Maiores

*\* Os días 7, 8 e 9 de Xuño o Centro estará aberto pero non teremos transporte.*

## Cultura

\* **Curso básico de inglés para hostalería/bares/restauración en Boimorto. 35h.** Horarios a convir segundo as persoas interesadas. O prezo tamén variará en función do número de anotados.

**\*Campamento urbano de verán 2017**

*Destinatarios:* rapaces entre 4 e 12 anos

*Número mínimo:* 15

Do 3 o 21 de xullo, de luns a venres; horario: de 10:00 a 13:00 horas.

*Horario:*

- |                          |                     |
|--------------------------|---------------------|
| • 10:00: xogos rompexeos | • 12:00 deporte     |
| • 10:30: obradoiros      | • 13:00 fin xornada |
| • 11:30 merenda          |                     |

Reunión informativa (servizo madrugadores/recollida e servizo de transporte) sobre o campamento día 19/06/2017 as 18:30 horas no Polideportivo.

Anotarse antes do 22 de xuño de 2017 no Concello.

\* **BIBLIOTECA-AULA DE INFORMÁTICA.** Horario: luns e mércores de 16:00 a 18:00. Informase que se pode acudir a aula noutro horario, solicitándoo con antelación nas oficinas municipais.

## Emprego

\* **Axuda para o fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación.** Tipos de axudas:

- a) Subvención á xeración de emprego estable: 4000€ a desempregados en xeral a contratos indefinidos, creados desde o 1 de outubro de 2016 e ata o 31 de xullo de 2017.
- b) Subvención para formación: 75% do custo, como máximo 3.000€.
- c) Subvención para o inicio da actividade: ata 3.000 euros por cada emprego subvencionable
- d) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras: 75 % do custo dos servizos de gardarías, ata un máximo de 3.000 euros
- Entre outros requisitos: empresas de nova creación (menos de 3 meses) e non ser beneficiario ou ILE. *Incompatibles coas axudas establecidas nos programas de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica, emprego autónomo e cooperativas, coas axudas comprendidas no programa Emega.*
- Prazo de presentación: 24/05/2017 - 31/07/2017. Máis info: DOG nº 97 - 23 / 05 / 2017.

## **Prevenção incendios**

\* Coa chegada do verán e o aumento do perigo de incendios recordase a obrigabilidade de manter limpos os contornos dos núcleos urbanos e rurais tal e como se recolle na LEI 3/2007 DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA MODIFICADA POLA LEY 7/2012 DE MONTES DE GALICIA

A citada lei recolle que todas as persoas propietarias ou arrendatarias de parcelas edificables nos núcleos rurais están OBRIGADOS a manter controlada a vexetación (tala e roza) para así evitar o lume e facilitar a súa extinción si é o caso.

Deberase manter libre de maleza e rarear e podar o arboredo nunha franxa perimetral de 50 metros arredor do solo urbano, núcleo rural ou vivendas illadas; nesta franxa, as árbores deberán estar suficientemente rareadas e separadas entre sí.

Ademáis, nos primeiros 30 metros da franxa non poderá haber especies que favorezan a propagación do lume como piñeiros, acacias, eucaliptos, toxos ou xestas.

No caso de incumprimento o Concello poderá proceder á notificación ás persoas responsables súa obriga.

## **A.F. Santiaguíños**

A agrupación ven desenvolvendo dende fai anos unha serie de actividades/cursos enfocados a dar a coñecer e por en valor o noso patrimonio musical e cultural. Neste sentido queremos informaros dos cursos que se están a desenvolver:

- Iniciación a baile agarrado, pasodoble, balse e tradicional galego para adultos: **Nova actividade** coa que comezaremos o xoves 1 de xuño.
- Iniciación a gaita (para todas as idades). **Nova actividade** que se realizará os venres pola tarde
- Iniciación a percusión Tambor e bombo (para todas as idades). **Nova actividade** que se realizará os venres pola tarde
- Ase mesmo continuaremos coas actividades que viñemos realizando durante todo o ano: Perfeccionamento de Gaita, baile, pandeireta e canto tradicional,...

Mais información e inscricións no 654 20 31 69 (Carmiña) ou acercarnos pola casa da cultura os venres pola tarde.

Por outra banda informaros que **A Conrobla** deste ano celebrarase o día 1 de xullo e o día seguinte, 2 de xullo, en colaboración co Concello organizarase un Festival FOL.

Estade atentos a carteis e próximos boletíns. Un finde que tedes que desfrutar en Boimorto.